



Bases da convocatoria que rexeran o proceso selectivo para a provisión mediante o sistema entrevista curricular para a contratación laboral temporal de 1 peón de obras para obras baixo a modalidade contractual de duración determinada (9 meses) baixo a modalidade de cláusulas específicas para a mellora da ocupabilidade e da inserción laboral e ao 75% da xornada ao amparo da Orde de 9 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia RISGA para o ano 2023”

1.- Obxecto.-

O obxecto da presente convocatoria é a contratación de 1 peón para obras e servizos de interese xeral e utilidade social baixo a modalidade de persoal laboral temporal contrato baixo a modalidade de cláusulas específicas para a mellora da ocupabilidade e da inserción laboral (9 meses) a tempo parcial, 75 % da xornada regulado na Disposición final segunda do Real Decreto.ley 32/2021 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a gantía d estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo que modifica o texto refundido da Ley de Emprego aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2015 de 23 de outubro. A Ley 2/2015 do 29 de abril do Emprego público de Galicia, nos artigos 177 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; artigos 91 y 103 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; a Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, no que se refire a persoal laboral e supletoriamente, o Real Decreto 364/1995, de 10 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Réxime Disciplinario dos funcionarios da Administración do Estado e ao amparo Orde de 9 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia RISGA para o ano 2023”

Funcións a desempeñar: funcións propias de peóns de obras, baixo a supervisión do señor Capataz da Brigada. Así, bachear, limpar, desbroze intensivo, obras de mantemento e instalación, así como aquelas outras funcións que lle encomende o concelleiro delegado de área.

A duración do contrato: 9 meses.

Xornada: 75 %.

2.- Participación.-





Realizarase convocatoria de preselección a través da **OFERTA XENÉRICA ENTRE OS/AS DESEMPREGADOS** inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia (oficina de Lugo Sur), segundo o disposto na Orde de 9 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia RISGA para o ano 2023”

3.- Condicións dos aspirantes.-

Para participar nesta convocatoria será necesario reunir os **REQUISITOS** que se indican a continuación:

- Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do EBEP.
- Ter cumpridos 18 anos e non exceder de 65 anos.
- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións.
- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás entidades locais, nin encontrarse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- Os traballadores e traballadoras que se contraten deberán ser, en todo caso, persoas perceptoras da RISGA e estar inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como persoas demandantes non ocupadas. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato. Terán preferencia, en todo caso, os persoas perceptoras da RISGA que teñan asignado un proxecto de inserción de carácter laboral e os maiores de 45 anos e os que teñan cargas familiares.

Os anteriores requisitos e os específicos que se esixen para a praza débense reunir con referencia ó último día de prazo de presentación de solicitudes, debendo continuar na súa posesión durante todo o proceso selectivo.

4.-Tribunal cualificador.

O Tribunal de selección acomodarse ao establecido nos artigos 60 e 61 do EBEP e estará integrado por cinco membros:

Presidente
Secretario
Vogais

Por cada membro do tribunal nomearase un suplente, podendo actuar indistintamente titulares ou suplentes.





Todos os membros do Tribunal terán voz e voto.

Na composición do Tribunal tenderase á paridade entre homes e mulleres. Non poderán formar parte dos Tribunais as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos ou o persoal eventual.

O nomeamento dos membros titulares e suplentes que constituirán o Tribunal Cualificador, realizarase por Decreto do Alcalde- Presidente, debendo posuír, en calquera caso, titulación ou especializacións iguais ou superiores as esixidas para o acceso a función convocada.

Todos eles deberán estar adscritos a un posto de traballo que requira igual ao maior nivel de titulación esixido para cada un dos postos de traballo.

4.1. - Abstención e recusación.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

4.2. - Constitución e actuación.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de mais da metade dos membros. En todo caso, será precisa a asistencia do presidente e do secretario.

A actuación do tribunal axustarase estritamente ás bases da convocatoria.

O tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas bases. As decisións adoptaranse por maioría dos votos dos membros presentes e en caso de empate decidirá o voto de calidade do presidente do tribunal.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas que estime pertinentes, que se limitarán o exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente ás que colaborarán co órgano de selección.

4.4. - Vinculación das resolucións do tribunal.

A presidenta da Corporación resolverá de acordo coa proposta do tribunal, que terá carácter vinculante. Co fin de asegurar a cobertura do posto de traballo convocado, si se produce a renuncia do aspirante seleccionado, antes do seu nomeamento ou toma de posesión, o Alcalde-presidente poderá requirir do órgano de selección relación complementaria dos aspirantes que sigan ao proposto, para o seu posible nomeamento.





5.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.

Realizarase unha **entrevista persoal curricular**. Nesta fase o Tribunal valorará, entre outros, os seguintes aspectos: aptitudes, actitudes, habilidades, valores, coñecementos do aspirante en relación co posto de traballo a cubrir.

As preguntas versarán sobre os temas que se expoñen no Anexo I das presentes Bases.

Valorará ata un máximo de 10 puntos (10,00 puntos).

Proba de galego:

Será obrigatorio a superación dun segundo exercicio oral ou escrito, proba de galego para aqueles candidatos que non acrediten no momento de presentarse a entrevista curricular estar en posesión do certificado de Celga 1, equivalente ou superior.

Quedarán exentos da realización deste exercicio os aspirantes que acrediten no momento de presentarse a entrevista curricular o certificado de Celga 1, equivalente ou superior, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de conformidade co artigo 35 do Decreto legislativo 1/2008 do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia, modificado pola Lei 2/2009, do 23 de xuño.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, correspondéndolle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de apto.

6.- Lista de aprobados e proposta de nomeamento:

Finalizado o proceso selectivo, remitirase o acta da última sesión ao Presidente da Corporación para que faga o nomeamento, sendo propostos os candidatos que obtiveran maior puntuación. A lista das persoas seleccionadas publicarase no taboleiro de anuncios do Concello.

Así mesmo publicarase a proposta de integración en **BOLSA DE RESERVA**, para os casos de baixa o renuncia por parte da persoa contratada, dos candidatos por orde de puntuación.





7.- Contratación e presentación de documentos.-

7.1.- Os seleccionados/as deberán aportar antes da formalización do contrato a seguinte documentación, si ben a mesma poderá tamén ser aportada en calquera momento do proceso selectivo.

- Fotocopia de DNI.
- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social.
- Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- Declaración xurada de non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade referida ó momento de toma de posesión.
- Número de conta corrente para realizar o ingreso da nómina.
- Declaración xurada de non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o normal desenvolvemento das súas funcións. Se o aspirante proposto tivese a condición de discapacitado acreditaráa mediante certificado correspondente, que reúne as condicións necesarias para desempeñar as funcións do emprego.

7.2.- Os que non presenten a documentación esixida (non sendo por causa de forza maior), non poderán ser nomeados e quedarán anuladas todas as súas actuacións sen prexuízo de outras responsabilidades nas que puidesen incurrir.

8.- Nomeamento e formalización dos contratos.-

Finalizada a selección formalizarase o oportuno contrato laboral temporal.

9.- Norma final.-

9.1.- Esta convocatoria, as e cantos actos administrativos se deriven dela e da actuación do órgano de selección poderán ser impugnados polos interesados nos casos, termos e na forma que dispón a Lei 30/92, de 26 de novembro e demais lexislación de aplicación.





9.2.- O órgano de selección é competente para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para o bo funcionamento de esta convocatoria.

9.3.- Todos os avisos, citacións e convocatorias que se realicen ós aspirantes, que non sexan os que obrigatoriamente se mencionan nestas bases, realizaranse unicamente por medio do taboleiro de Edictos do Concello e na páxina web.

En Guntín na data da sinatura electrónica

ANEXO I

Temario.

Tema 1.- Breve idea da Constitución Española de 1978. Estrutura. Principios Xerais. Dereitos e Deberes Fundamentais.

Tema 2.- Organización Municipal: Alcalde, Pleno e Xunta de Goberno Local.

Tema 3.- O marco da transparencia na administración local.

Tema 4.- Conceptos fundamentais da administración electrónica.

Tema 5.- Diferentes materiais e ferramentas en construción.

Tema 6.- Elementos da construción: Muros, tabiques, paredes.

Tema 7.- Demolicións.

Tema 8.- Reparación de baches en pistas. Materiais e ferramentas a empregar.

Tema 9.- Reparación de camiños. Materiais e ferramentas a empregar.

Tema 10.- Desbroce en pistas e camiños. Materiais e ferramentas a empregar.

Tema 11.- Conceptos básicos sobre fontanería, electricidade, carpintería, pintura e xardinaría.

